

Celga



2

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C2-B-I-23-LF

C2-B-I-23-DLX

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, le o seguinte artigo.

Toma as notas que precisas.

Na entrevista oral terás que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

Perdoade as molestias. Estamos xogando



A cear!

Hai anos, moitas nais chamábannos con este berro desde a ventá.

Estabamos xogando na rúa sen o control dos nosos pais e nais.

A imaxe dos nenos xogando na rúa xa se foi perdendo. Só a recordamos os maiores de corenta anos.

Que ben o pasabamos! Moitos de nós xogabamos a «papás e mamás».

Tamén xogabamos «aos médicos», a «indios e vaqueiros», a ser mestras, cociñeiros, princesas e mesmo cantantes.

Xogar na rúa

Non acordabamos unha hora para baixar a xogar na rúa.

Cada un ía baixando á rúa despois de merendar e facer os deberes.

Un día tocaba xogar co balón, outro ás agachadas ou á pilla.

Tiñamos unhas regras de xogo que cambiaban dependendo do número de rapaces que estabamos xogando.



«Vou xogar á rúa» é unha frase que hoxe os nenos non usan.

Debemos deixar que os nenos volvan á rúa para xogar, pois é moi bo para eles.

Os máis novos precisan tempo e espazo para xogar.

Moitas das cousas importantes da vida aprendémolas xogando.

Escolas para aprender e tamén para xogar

Na escola, ademais de estudar, tiñamos tempo para xogar.

O patio era un lugar de alegría, de aventuras e tamén de trasnadas.

No patio compartiamos xogos os nenos de todas as idades.

Os nenos de agora ven moito a televisión, xogan aos videoxogos e coa tableta. Non teñen tempo para ir ao parque.

Os nenos de agora teñen moitos deberes e actividades extraescolares. Non teñen tempo nin para aburrirse.

Cando chegaban os case tres meses de vacacións, tiñamos máis tempo para divertirnos.

Os veráns eran longos e pasabamos o día enteiro xogando



No verán saíamos coa bici ou co patinete.

Nas vacacións de verán, se tiñamos moita calor, iamos á praia.

No verán tamén faciamos excursións polo río ou polo monte.

Todos os nenos teñen dereito a xogar

O xogo non só serve para divertirse.

O xogo axuda no desenvolvemento do neno e é bo para a saúde.



A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) di que todos os nenos do mundo xogan e que o xogo é o principal para eles.

A UNESCO tamén explica que os xogos axudan no desenvolvemento do corpo, da intelixencia e das emocións dos nenos.

Xogar non é un luxo, é unha necesidade.

Os nenos teñen toda a vida para ser grandes.

Deixemos que os nenos aprendan xogando, sen présa.

Elaboración propia a partir de diversas fontes

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none">■ Como te chamas?■ A que te dedicas?■ De onde es? Fala un pouco sobre a túa cidade/vila/aldea...■ Canto tempo levas estudando galego?■ Por que o estudas?■ Que che gusta facer no tempo libre? Que afeccións/ gustos tes? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none">■ Que che gusta máis da cultura galega?■ Que diferenzas atopas entre a cultura galega e a túa?	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do vídeo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Fai un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none">■ Como eran os xogos dos nenos de antes? Onde xogaban?■ Na escola había tempo para divertirse?■ Como eran as vacacións dos nenos de antes?■ Por que xogar é tan importante para os nenos?	

3. EXPOSICIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: nesta parte a persoa candidata debe relatar unha anécdota ou unha historia. A persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas e diralle á persoa candidata que faga un relato en **2 minutos aproximadamente**. Daránselle **2 minutos para pensar** ou organizar o seu relato e indicaráselle o tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá á persoa candidata (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.

- A. Conta algunha anécdota que che pasou a ti, ou a algunha persoa coñecida, mentres xogabas.
- B. Conta con detalle como era a escola á que ías de pequeno/a e que facías nos recreos.
- C. Conta o que facías e como te divertías nas vacacións (de verán, do Nadal, do Entroido...).

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador:

Apartir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBENADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

OPCIÓN A

- A que xogabas de pequeno? Cales eran os xogos que máis che gustaban?
- De neno xogabas cos amigos na rúa? Xogabades sempre ao mesmo ou cambiabades de xogo? Por que?
- Onde che gustaba máis xogar, na rúa ou na casa? Por que?
- Cando saías xogar á rúa, ías só ou cos teus pais? Por que?
- Con quen xogabas? Cos irmáns, cos amigos, cos veciños?
- Pensas que os nenos de hoxe teñen tempo abondo para xogar?
- Pensas que os nenos de hoxe teñen espazos adecuados para xogar?

(Se procede)

- Pensas que a maneira de xogar dos nenos en Galicia cambia respecto do teu lugar de orixe?

OPCIÓN B

- Cando ías á escola, tiñas clase só polas mañás ou tamén tiñas clase pola tarde?
- Canto tempo duraban os recreos? A que che gustaba xogar no recreo?
- A que xogabas no patio do colexio?
- No colexio xogabades xuntos os nenos coas nenas ou tiñades xogos distintos?
- Facías deporte de neno/a? Facías deporte na clase de educación física ou tamén fóra do colexio?
- Ao saír da escola, que facías? Tiñas moitos deberes ou podías ir xogar?
- Cres que é bo que os nenos teñan actividades extraescolares ou é mellor que xoguen nese tempo?

(Se procede)

- Pensas que a maneira de xogar dos nenos en Galicia cambia respecto do teu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Con quen pasabas os veráns? Onde os pasabas?
- De neno tiñas tempo para divertirte ou estudabas, axudabas na casa...? Por que?
- Cando chegaban as vacacións de Nadal, con quen e como as pasabas? E no Entroido, como te divertías?
- Os campamentos de verán parécenche bos para os nenos? Por que?
- Onde pensas que o pasan mellor os nenos, nos campamentos ou coa familia? Por que?
- Pensas que cambiou a forma de divertirse dos nenos ou é como cando eras novo/a?
- Os nenos da aldea xogan ao mesmo que os da cidade? Por que?

(Se procede)

- Pensas que a maneira de xogar dos nenos en Galicia cambia respecto do teu lugar de orixe?

